

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de novembro de 2022**

Ás 17.35 horas do día 16 de novembro de 2022, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular, don Plácido Álvarez Dobaño (substituído por dona Ana Patricia Torres Madureira), nin don Miguel Antonio Cid Álvarez do Grupo Popular (substituído por dona Ana María Villarino Pardo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de outubro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 19 de outubro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DAS ENTRADAS AO PARQUE DE ATRACCIÓN “PAZOLANDIA”

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

Primeiro.- Establecer o importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións “Pazolandia”, prevista para as datas do Nadal de 2022, nas instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz entre o 26 de decembro de 2022 e o 4 de xaneiro de 2023, de conformidade co seguinte cadro:

Concepto	Prezo (IVE incluído)
Público en xeral	5,00 euros
Grupos en viaxes promovidos polos concellos da provincia	4,00 euros

Segundo.- Nos restantes aspectos non previstos no presente acordo, estarase ao disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz (BOP n.º 171, do 27 de xullo de 2018).

Terceiro.- Publicar o acordo de establecemento do importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións “Pazolandia” no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor a partir do día seguinte á dita publicación.

3º.- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2023

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que respecto ás subvencións nominativas debería existir unha lexislación clara que impidise que estas excepcións se utilizasen como norma xeral, xa que, se ben o informe de Intervención parece que avala a legalidade do orzamento, eticamente é moi discutible.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que respectan o informe emitido pola Intervención provincial, pero que non está de acordo con el. Seguidamente pasa a facer un pequeno resumo do escrito de alegacións presentado polo seu grupo e conclúe indicando que só piden algo tan obvio como que os fondos da Deputación se repartan entre os concellos con criterios obxectivos e transparentes. Espera que este sexa o último orzamento provincial con esta forma de proceder e que o próximo goberno cambie esta forma de actuar.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (3) e a abstención de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas polo Grupo Socialista, con base no informe do Servizo de Intervención do 10 de novembro de 2022, que consta no expediente electrónico n.º 2022/12370G, co CSV: 14157771242662756753 en <https://sede.depourense.es>

2º.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, procedéndose á súa publicación no BOP.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

